

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS

8986 *ORDE TAS/1562/2005, do 25 de maio, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño. («BOE» 130, do 1-6-2005)*

Mediante o Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, foi aprobado o novo Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, cuxa disposición derradeira segunda faculta xenericamente o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a súa aplicación e desenvolvemento, o que se corresponde tamén coas previsións do artigo 5.2.b) da Lei xeral da Seguridade Social, que faculta tamén o titular dese departamento para o exercicio da potestade regulamentaria en tal ámbito non comprendida no punto anterior dese precepto, relativo á aprobación polo Goberno dos regulamentos xerais para a aplicación da dita lei.

Pola súa vez e á marxe de tal habilitación xenérica, diversos preceptos do novo regulamento xeral facultan tamén especificamente o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para establecer as correspondentes normas de aplicación e desenvolvemento en relación coas materias concretas a que aqueles se refiren.

Así ocorre, entre outros, co artigo 2.2 do regulamento, respecto á reserva, repartición e posible extensión do exercicio de competencias dos órganos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social no desempeño da xestión recadatoria; o seu artigo 4.1, en materia de autorizacións para actuar como colaborador na xestión recadatoria da Seguridade Social; os seus artigos 6.5 e 11.4, os cales, de conformidade co previsto no artigo 94.2 da Lei xeral da Seguridade Social, prevén a posibilidade de non iniciar o procedemento recadatorio ou de lle pór fin en vía executiva cando o importe das débedas coa Seguridade Social sexa inferior á cantidade que determine o ministro de Traballo e Asuntos Sociais como insuficiente para a cobertura do custo da súa exacción e recadación; o seu artigo 11.4, sobre a determinación do cálculo e liquidación de xuros de demora por débedas coa Seguridade Social; o seu artigo 19.1, en relación co ingreso separado das fraccións de cotas da Seguridade Social correspondentes ás achegas dos traballadores e, en fin, a súa disposición adicional quinta, relativa á percepción da contraprestación a cargo das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social polos servizos de xestión administrativa que lles presten terceiros, en función da incorporación destes últimos ao Sistema de Remisión Electrónica de Datos (RED).

Así mesmo, a disposición derogatoria única do citado Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, aprobatorio do novo Regulamento xeral de recadación da Seguridade

Social, derroga tamén expresamente a Orde do 26 de maio de 1999, de desenvolvemento do anterior Regulamento xeral de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social, do 6 de outubro de 1995, coa excepción dos preceptos dela que seguidamente enumera, os cales se manterán en vigor ata que se diten as correspondentes normas de desenvolvemento do novo regulamento xeral na materia.

En razón a canto se expuxo, resulta agora necesario ditar a correspondente orde ministerial en virtude da cal se establezan as pertinentes normas para a aplicación e desenvolvemento do novo Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, completándose, a este nivel normativo, a regulación regulamentaria da xestión recadatoria da Seguridade Social co fin de garantir a súa máxima eficacia, evitándose así as lagoas que no ordenamento xurídico sobre a materia provocaría a falta deste desenvolvemento normativo.

Na súa virtude e en uso das atribucións conferidas para o efecto tanto polo artigo 5.2.b) da Lei xeral da Seguridade Social como pola disposición derradeira segunda e demais preceptos antes mencionados do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, e pola disposición derogatoria única deste último, e coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, tiven a ben dispor:

SECCIÓN PRIMEIRA. RESERVA E DETERMINACIÓN DOS ÓRGANOS COMPETENTES EN MATERIA DE XESTIÓN RECADATORIA DA SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 1. *Determinación de funcións para a celebración de concertos de xestión recadatoria.*

Correspóndelle ao director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a celebración de concertos sobre xestión recadatoria da Seguridade Social entre a dita Tesouraría Xeral e unha Administración pública ou entre aquela e as asociacións profesionais, calquera que sexa o seu ámbito, logo de autorización do ministro de Traballo e Asuntos Sociais ou autoridade en quen delegue, así como a celebración de calquera tipo de concerto entre a Tesouraría Xeral e entidades particulares, neste caso logo de autorización do Consello de Ministros.

Artigo 2. *Funcións de xestión recadatoria reservadas aos órganos centrais da Tesouraría Xeral.*

1. Resérvase á Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a autorización de medios de pagamento das débedas coa Seguridade Social distintos dos relacionados no artigo 21 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, así como a autorización do uso simultáneo de varios medios para o pagamento dunha mesma débeda e a celebración de concertos facultativos de reaseguro de exceso de perdas e outras formas de reaseguros complementarios coas mutuas de acciden-

tes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

2. Resérvase aos órganos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, co alcance que se determina no punto 2.1 deste artigo, a xestión recadatoria das débedas cuxo obxecto estea constituído polos seguintes recursos do sistema, entre os especificados no artigo 1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social:

a) As achegas para o sostemento dos servizos comúns e sociais da Seguridade Social e de contribucións aos demais gastos xerais e á satisfacción das exixencias da solidariedade nacional, que deberán efectuar as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

b) A porcentaxe das cotas das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social correspondentes ás continxencias de incapacidade permanente e de morte e supervivencia por reaseguro obrigatorio e, de ser o caso, como consecuencia do concerto facultativo de reaseguro de exceso de perdas.

c) O importe das derramas que deberán satisfacer as citadas mutuas por déficit na liquidación dos convenios de reaseguro de exceso de perdas.

d) O importe dos capitais custo de pensións e demais presentacións periódicas que deban ingresar as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social declaradas responsables daquelas.

e) O 80 por 100 do exceso de excedentes a que se refire o artigo 73 da Lei xeral da Seguridade Social e que deben ingresar as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais conforme o establecido no artigo 1 da Orde do 2 de xuño de 1980, así como o exceso de excedentes derivado da xestión por estas da prestación de incapacidade temporal por continxencias comúns e que deben ingresar en aplicación do artigo 73.3 do regulamento aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

f) Os reintegros dos préstamos que teñan o carácter de investimento social.

g) Os premios de cobranza pola xestión centralizada da recadación de cotas para organismos e entidades alicios ao sistema da Seguridade Social.

h) As achegas por axudas equivalentes a xubilacións anticipadas ou previas a xubilacións ordinarias.

i) As achegas derivadas da integración, na Administración da Seguridade Social, de colectivos protexidos por entidades de previsión social substitutorias das presentacións outorgadas polos réximes do sistema da Seguridade Social.

j) Os importes das recargas e xuros que procedan sobre os conceptos a que se refiren as alíneas precedentes.

2.1 A xestión recadatoria reservada aos órganos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social respecto dos recursos desta determinados nas letras precedentes deste punto comprende as funcións de reclamación das débedas correspondentes e, de ser o caso, o seu adiamento, a súa compensación, a devolución de ingresos indebidos, así como a expedición de certificacións acreditativas do seu pagamento e a admisión da consignación nos casos a que se refiren os artigos 20 e 46.2 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

2.2 As funcións recadatorias reservadas neste artigo aos órganos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social corresponden a cada un deles conforme a distribución das competencias que lles asignan o Real decreto 1314/1984, do 20 de xuño, polo que se regula a estrutura e competencias da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, o Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e demais normas da súa organización.

2.3 No suposto de que respecto da xestión recadatoria das débedas a que se refire este artigo se deba iniciar o procedemento de constrinximento, o órgano central da

Tesouraría Xeral da Seguridade Social remitiralle as actuacións pertinentes á súa dirección provincial en que teña o seu domicilio o debedor, determinándose este conforme o establecido no artigo 16 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

3. Resérvanse á Subdirección Xeral de Ordenación de Pagamentos e Xestión do Fondo de Reserva as funcións relativas ao Rexistro de Colaboradores nos Ingresos e Pagamentos do sistema da Seguridade Social, a que se refire o artigo 19 do Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1391/1995, do 4 de agosto.

4. Resérvanse aos órganos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social que se determinan nos artigos 3 e 4 desta orde as funcións que neles se especifican.

Artigo 3. *Determinación dos órganos competentes en materia de dedución.*

Nos procedementos de dedución de débedas que as administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais e demais entidades de dereito público teñan coa Seguridade Social, serán competentes:

1. O subdirector xeral de Inscrición, Afiliación e Recadación en Período Voluntario da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, para a comunicación á Administración ou entidade pública debedora do inicio do procedemento de dedución, co respectivo trámite de audiencia, así como para a resolución pola que se acorde a improcedencia das actuacións practicadas no dito procedemento, respecto dos recursos do sistema da Seguridade Social que sexan obxecto de xestión recadatoria reservada aos órganos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social no artigo 2 desta orde, así como respecto dos demais recursos obxecto de xestión recadatoria da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no punto 3 deste artigo.

2. O subdirector xeral de Procedementos Executivos e Especiais de Recadación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social para o exercicio das seguintes funcións:

a) A emisión da resolución pola que se acorde a retención e dedución a favor da Seguridade Social a que se refiren os artigos 39 e 41 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

b) A notificación do acordo de retención ao ordenador de pagamentos competente.

c) A notificación da aplicación e extinción da débeda á Administración ou entidade pública debedora cando o procedemento recadatorio se iniciase e seguise nos servizos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. Os titulares dos órganos ou unidades con competencia en materia de recadación en período voluntario que determine o director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, para a comunicación á Administración ou entidade pública debedora do inicio do procedemento de dedución e para a resolución que acorde a improcedencia das actuacións practicadas, de resultar acreditada a inexistencia de débeda no trámite de audiencia, nos casos en que o procedemento recadatorio se iniciase e deba ser continuado pola respectiva dirección provincial, así como para a expedición das providencias de constrinximento que inicien a vía executiva, nos supostos en que proceda a dita expedición.

Artigo 4. *Determinación dos órganos competentes en materia de recadación en vía de constrinximento.*

1. Sen prexuízo das funcións atribuídas a esta no artigo 1 da Orde do 29 de marzo de 2000, sobre establece-

mento, reorganización e funcións das unidades de recadación executiva da Seguridade Social, a Unidade de Recadación Executiva de Ámbito Estatal, con sede en Madrid e con xurisdición sobre todo o territorio español, levará de forma centralizada a tramitación das funcións que lle encomende o subdirector xeral de Procedementos Executivos e Especiais de Recadación, relativos ao seguimento e coordinación da actuación das demais unidades de recadación executiva.

2. As unidades de recadación executiva, cuxo ámbito territorial de actuación determinará o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, levarán a cabo as actuacións tendentes ao aseguramento da execución forzosa ou á regularización do pagamento polo suxeito responsable con suxeición ao disposto no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, nesta orde e nas demais disposicións complementarias, así como as demais funcións recadatorias en vía executiva que se lle atribúen á Tesouraría Xeral da Seguridade Social no dito regulamento e nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento e que non estean asignadas expresamente a outros órganos dela, sen prexuízo das demais funcións que o director xeral da Tesouraría lles poida atribuír.

Artigo 5. *Instrucións adicionais en materia de competencia.*

1. O director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, cando pola especialidade e complexidade das funcións recadatorias, o ámbito xeográfico do seu exercicio ou en relación con determinados suxeitos responsables así o requiran, poderá autorizar a xestión centralizada de determinadas funcións recadatorias na subdirección xeral competente, dirección provincial, administración da Seguridade Social ou unidade de recadación executiva que este designe e nos termos e condicións que estableza.

2. O disposto nos artigos desta sección enténdese sen prexuízo de que os órganos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poidan delegar a súa competencia ou a súa sinatura ou avocar o coñecemento e resolución das materias a que aqueles se refiren, nos termos establecidos nos artigos 13 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SECCIÓN SEGUNDA. COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA

Artigo 6. *Oficinas recadadoras autorizadas.*

1. Quedan autorizadas para actuar como oficinas recadadoras no ámbito da Seguridade Social calquera das entidades financeiras determinadas no punto 1 do artigo 3 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

2. Para que calquera outra entidade, órgano ou axente poida actuar como oficina recadadora no ámbito da Seguridade Social, requirirase autorización expresa do secretario de Estado da Seguridade Social.

Para valorar adecuadamente as solicitudes de autorización formuladas, os solicitantes achegarán memoria xustificativa da posibilidade de recoller por medios técnicos a información das operacións que deban realizar como colaboradores, así como aqueles datos acreditativos da súa solvencia e da súa posible contribución ao servizo de colaboración na recadación no ámbito da Seguridade Social.

3. A Secretaría de Estado da Seguridade Social poderá aceptar a solicitude de colaboración e determinar a forma e as condicións específicas da prestación de servizos así como limitar ou denegar as autorizacións en función tamén dos medios electrónicos, informáticos e

telemáticos do solicitante respecto da subministración de datos e da información necesarios para a xestión recadatoria dos recursos do sistema da Seguridade Social efectuada pola Tesouraría Xeral. Se a resolución for denegatoria, deberá ser motivada.

SECCIÓN TERCEIRA. DÉBEDAS DE INFERIOR CONTÍA

Artigo 7. *Débedas de importe mínimo recadable e susceptibles de anulación e baixa en contabilidade.*

A contía que, conforme o artigo 94.2 da Lei xeral da Seguridade Social e os artigos 6.5 e 11.4 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, se considera como insuficiente para a cobertura do custo da exacción e recadación das débedas coa Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta con estas e que permite, de ser o caso, acordar a súa anulación e baixa en contabilidade, fíxase no 3 por 100 do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) mensual, vixente no momento da respectiva liquidación, salvo nos casos de responsabilidade por sucesión «mortis causa», nos cales o indicado límite se fixa no 20 por 100 do IPREM mensual para efectos de iniciación do oportuno expediente de derivación de responsabilidade por causa de morte.

Artigo 8. *Liquidacións de cotas efectuadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social nos documentos de cotización emitidos por ela.*

Poderán non ser emitidas nin notificadas aos responsables do pagamento de cotas da Seguridade Social e poderá non iniciarse o procedemento recadatorio respecto das liquidacións de cotas efectuadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social nos documentos de cotización expedidos por ela e correspondentes aos réximes da Seguridade Social en que estea determinada regulamentariamente tal emisión de documentos de cotización pola dita tesouraría xeral, cando o importe resultante que haxa que ingresar non exceda a contía fixada no artigo anterior.

Artigo 9. *Liquidacións de cotas efectuadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social rectificando en contía superior as previas autoliquidacións dos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar.*

Poderán non ser emitidas nin notificadas e poderá non iniciarse o procedemento recadatorio das liquidacións de cotas realizadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que modifiquen, por un maior importe, as previas autoliquidacións presentadas polos suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar, cando a cantidade que teñan que ingresar pola respectiva liquidación non sexa superior á cantidade fixada no artigo 7.

Así mesmo, nos supostos de liquidacións de cotas pola Tesouraría Xeral, con saldo debedor para o suxeito responsable e que rectifiquen previas autoliquidacións desas cotas con saldo acredor ou que non comporten ingreso ningún para o efecto, non se exixirá o importe que haxa que ingresar fixado na correspondente liquidación sempre que non sexa superior á dita contía, sen prexuízo da notificación da liquidación da Tesouraría Xeral ao suxeito responsable.

Artigo 10. *Liquidacións de cotas en reclamacións administrativas de débeda.*

Nos supostos en que, por falta de ingreso das cotas debidas dentro do prazo regulamentario, a súa liquidación se deba efectuar a través de acta de liquidación ou de reclamación de débeda, expedidas respectivamente pola Inspección de Traballo e Seguridade Social e pola Tesoura-

ría Xeral da Seguridade Social, poderá non emitirse nin notificarse a reclamación de débeda ou acta de liquidación e non iniciarse o procedemento recadatorio do importe que se debería incluír nelas cando non exceda a cantidade fixada no artigo 7.

Artigo 11. *Reintegros de presentacións da Seguridade Social indebidamente percibidas non recadables.*

1. As entidades xestoras da Seguridade Social e dos conceptos de recadación conxunta coas súas cotas, así como as entidades colaboradoras, non lle remitirán á Tesouraría Xeral da Seguridade Social para a súa reclamación as resolucións definitivas en vía administrativa nas cales se declare a procedencia de reintegros de presentacións cuxa contía non exceda o importe fixado no artigo 7 referido ao IPREM mensual vixente no momento da declaración, salvo que por acumulación de débedas do mesmo debedor se superase o dito importe.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social non iniciará o procedemento recadatorio do importe que haxa que ingresar correspondente ao reintegro de presentacións indebidamente percibidas, cuxa procedencia fose declarada mediante resolución definitiva en vía administrativa polas entidades xestoras da Seguridade Social ou organismos xestores competentes conforme o previsto nas disposicións que regulan esta materia, cando o dito importe non sexa superior ao importe fixado no artigo 7 do IPREM mensual vixente no momento do reintegro. Isto é aplicable, así mesmo, nos casos de reintegros de presentacións indebidamente percibidas que sexan declarados procedentes en virtude de resolución xudicial, salvo que nesta se estableza outra cosa.

Artigo 12. *Finalización do procedemento recadatorio.*

1. Naqueles casos en que, tras a aplicación do importe das devolucións de ingresos indebidos, pagamentos parciais da débeda ou calquera outra causa que produza idéntico efecto, a contía da débeda resultante non exceda o importe do IPREM mensual fixado no artigo 7, poderase pór fin ao procedemento recadatorio en período voluntario ou en vía executiva sen exixir do suxeito responsable o pagamento da cantidade pendente e poderán ser anulados e dados de baixa en contabilidade pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social os créditos correspondentes.

2. Cando a débeda se encontre en vía de constrinximento, para a anulación e baixa en contabilidade do crédito da Tesouraría Xeral deberán concorrer os requisitos seguintes:

1.º Que a débeda cuxo importe non deberá exceder a cantidade fixada no punto 1 debe ser a resultante da suma do principal, recarga, xuros e custas do procedemento, incorporada a cada expediente de constrinximento no seu conxunto e non a cada un dos documentos ou títulos que o integren.

2.º Que a causa de que a débeda non exceda da referida cantidade se deberá producir pola execución das garantías constituídas ou pola aplicación dun ingreso derivado de actuacións de embargo ou de alleamento do patrimonio do constrinxido, pero non por ingreso voluntario do debedor.

A finalización do procedemento de constrinximento formalizaráa mediante data, de carácter non rehabilitable, a Unidade de Recadación Executiva, do título ou títulos do expediente afectado, o que motivará a súa baixa en contabilidade.

Artigo 13. *Acumulación de débedas non superiores ao 3 por 100 e, de ser o caso, ao 20 por 100 do IPREM mensual e a súa recadación voluntaria.*

Malia o disposto nos artigos precedentes desta sección, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá acordar a acumulación das débedas que non excedan o importe do IPREM mensual fixado no artigo 7 co obxecto de superar a dita cantidade, ou a de tales débedas con outras de importe superior, sempre que todas elas correspondan ao mesmo debedor, así como respecto das que considere conveniente a súa liquidación, notificación e recadación ou sexa solicitado o seu pagamento polos obrigados ao seu cumprimento.

SECCIÓN CUARTA. AVAL XENÉRICO E EFECTOS DO ADIAMENTO

Subsección 1.ª *Aval xenérico como garantía de débedas coa Seguridade Social*

Artigo 14. *Delimitación.*

1. Para efectos do disposto no artigo 29 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, entenderase por aval xenérico aquel que, reunindo os requisitos establecidos no citado regulamento xeral e nesta orde, se presente como garantía para responder do pagamento de todas e cada unha das débedas presentes e futuras do suxeito responsable coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. Para que o aval xenérico produza os efectos que se indican no artigo 16 desta orde deberá reunir os seguintes requisitos:

1.º Deberá ser solidario e ser formalizado por entidades financeiras de depósito ou de crédito inscritas no rexistro de bancos e banqueiros ou de cooperativas de crédito legalmente autorizadas.

2.º Recollerá de forma expresa a renuncia aos beneficios de excusión e división.

3.º Deberá estar inscrito no Rexistro Especial de Avais.

4.º Establecerá expresamente a súa validez ata que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social autorice a súa cancelación.

Artigo 15. *Procedemento para a constitución e cancelación do aval xenérico.*

1. As solicitudes de constitución de aval xenérico presentaranse ou remitiranse á dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou á súa administración que corresponda ao código de conta de cotización principal do suxeito responsable, achegando o aval correspondente.

Comprobado pola referida dirección provincial ou administración que o aval xenérico reúne os requisitos establecidos no artigo anterior, aceptará este comunicándollo ao suxeito responsable e tomando razón da súa constitución na base de datos correspondente co obxecto de permitir a expedición de certificacións de estar ao día. De o aval presentado non reunir os requisitos necesarios para lle dar validez, devolveráselle ao suxeito responsable con indicación das causas do rexeitamento.

2. As solicitudes de cancelación do aval xenérico presentaranse ou remitiranse á mesma dirección provincial ou administración da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en que quedou constituído, a cal procederá a autorizar a súa cancelación unha vez comprobada a inexistencia de débeda a cargo do suxeito responsable.

En caso de existir débeda pendente a cargo do suxeito responsable, non se autorizará a súa cancelación e proce-

derase á execución do aval xenérico polo importe debido, conforme o procedemento executivo establecido.

Artigo 16. *Efectos do aval xenérico.*

1. A constitución do aval xenérico determinará para o suxeito responsable a consideración de estar ao día respecto das súas obrigas de pagamento coa Seguridade Social, sempre que o importe avalado garanta suficientemente a débeda que se puidese producir.

Se tal débeda superase o importe do aval xenérico constituído, nas certificacións constará como importe da débeda pendente a diferenza entre a contía desta e o importe do referido aval.

2. En ningún caso a constitución do aval xenérico suspenderá o procedemento recadatorio iniciado e non impedirá que se inicie fronte ao suxeito responsable que o presentase, executándose aquel se a débeda non fose satisfeita antes da finalización do prazo de ingreso fixado na respectiva providencia de constrinximento.

Subsección 2.ª Efectos da concesión do adiamento de débedas coa Seguridade Social

Artigo 17. *Efectos da concesión do adiamento en relación coas presentacións.*

As empresas e demais suxeitos responsables que teñan concedido adiamento no pagamento das súas débedas coa Seguridade Social, mentres non se produza o incumprimento a que se refire o artigo 36 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, consideraranse ao día das súas obrigas coa Seguridade Social tanto para os efectos indicados no punto 3 do artigo 31 do dito regulamento como para o recoñecemento das presentacións desta, conforme o previsto no artigo 124.2 da Lei xeral da Seguridade Social, e as cotas adiadas serán computables para a cobertura do período previo de cotización exixido e, de ser o caso, para a determinación da contía daquelas, sempre que o adiamento fose concedido con anterioridade ao feito causante da prestación.

SECCIÓN QUINTA. CÁLCULO E LIQUIDACIÓN DE XUROS DE DEMORA

Artigo 18. *Débedas obxecto de xuro de demora.*

1. O xuro de demora regulado nos artigos 28 da Lei xeral de Seguridade Social e 11 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social será de aplicación a todas as débedas coa Seguridade Social, constituídas polo importe das cotas e outros recursos obxecto de xestión recadatoria, así como polo das recargas derivadas da falta de ingreso dentro de prazo regulamentario de tales cotas e demais recursos.

2. O importe do xuro de demora devengado e exixible considerarase débeda de Seguridade Social para efectos do pagamento e execución forzosa sobre o patrimonio do debedor, pero en ningún caso para efectos da xeración de novos xuros.

Artigo 19. *Devengo de xuros de demora.*

1. A falta de pagamento en prazo regulamentario dos recursos obxecto da xestión recadatoria da Seguridade Social determinará o devengo de xuros de demora desde as seguintes datas:

a) O devengo de xuros sobre o principal da débeda iniciarase o día seguinte ao do vencemento do respectivo prazo regulamentario de ingreso.

b) O devengo de xuros sobre a recarga aplicable ao dito principal iniciarase o día seguinte ao de finalización do prazo dos quince días naturais seguintes ao da notifi-

cación da providencia de constrinximento ou ao da comunicación do inicio do procedemento de dedución.

2. O devengo dos xuros de demora, calculados na forma e momento previstos nos artigos 21 e 22 desta orde, non se interromperá nos supostos de suspensión do procedemento recadatorio por interposición de impugnación administrativa, por decisión xudicial no proceso contencioso-administrativo ou por calquera outra circunstancia.

3. Os xuros devengados conforme o sinalado nos puntos anteriores, xunto co principal da débeda, a recarga e as custas pendentes de pagamento, constitúen a totalidade do débito de Seguridade Social ata o cumprimento da obriga do seu pagamento, para efectos de determinar o alcance da execución forzosa sobre o patrimonio do constrinxido.

Artigo 20. *Exixibilidade dos xuros devengados.*

1. Os xuros de demora serán exixibles, cando non se aboase a débeda que os xerese, unha vez transcorridos quince días naturais desde a data de notificación da providencia de constrinximento ou da comunicación do inicio do procedemento de dedución.

2. Cando non se aboase o importe da débeda no prazo fixado nas resolucións desestimatorias dos recursos administrativos formulados contra as reclamacións de débeda ou actas de liquidación, se a execución das ditas resolucións fose suspendida nos trámites do recurso contencioso-administrativo que contra elas se interpuxese, os xuros de demora serán exixibles a partir da data en que se dite resolución xudicial desestimatoria deste último recurso.

Artigo 21. *Forma de cálculo do xuro de demora.*

1. O importe sobre o que se aplicará o tipo de xuro de demora fixado nos artigos 28.3 da Lei xeral da Seguridade Social e 11.3 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, virá constituído polo do principal da débeda e polo da recarga aplicable, sen incluír en ningún caso o xuro de demora devengado con anterioridade.

2. A determinación do importe dos xuros de demora devengados efectuarase mediante a aplicación de xuro simple, conforme a seguinte fórmula:

$$Id = \frac{1}{36.500} \cdot [P \cdot \sum_{j=0}^m (t_{j+1}^p - t_j^p) \cdot i_j^p + R \cdot \sum_{k=0}^n (t_{k+1}^r - t_k^r) \cdot i_k^r]$$

Sendo:

Id: Importe do xuro de demora.

P: Importe do principal da débeda.

R: Importe da recarga aplicable.

$t_{m+1} = t_{n+1}$: Data correspondente ao último día do mes anterior ao da liquidación de xuros de demora.

t_0^p : Data inicial de devengo de xuros do principal.

t_0^r : Data inicial de devengo de xuros da recarga.

i_j^p : Tipo de xuro legal en tanto por cento aplicable a partir da data t_j^p , para $j = 0, 1, 2, \dots, m$, correspondente á *j*-ésima variación de tipos de xuro no intervalo (t_j^p, t_{j+1}^p) .

i_k^r : Tipo de xuro legal en tanto por cento aplicable a partir da data t_k^r , para $k = 0, 1, 2, \dots, n$, correspondente á *k*-ésima variación de tipos de xuro no intervalo (t_k^r, t_{k+1}^r) .

3. O cálculo dos xuros devengados poderase efectuar por meses naturais vencidos, sen considerar as fraccións inferiores, correspondentes aos días transcorridos do mes en que se efectúe o pagamento ou se aplique o ingreso.

Artigo 22. *Momento do cálculo e liquidación.*

O cálculo e liquidación dos xuros de demora exixibles poderase realizar:

a) No momento mesmo do pagamento da débeda constrinxida, cando este sexa realizado nas condicións e cos requisitos establecidos na providencia de constrinximento.

Para estes efectos, entenderase que o pagamento se efectuou conforme tales requisitos cando o ingreso do importe debido se realice, por calquera dos medios de pagamento admitidos, na conta restrinxida da unidade de recadación executiva competente para a tramitación do procedemento de constrinximento, con todos os datos que permitan a completa identificación do constrinxido e do débito obxecto do ingreso.

b) No momento da aplicación do ingreso non realizado nas condicións a que se refire a letra anterior ou do líquido obtido da execución forzosa de bens do constrinxido ou derivado do procedemento de dedución.

Neste caso o ingreso imputarase ao importe pendente dos títulos vixentes no momento da aplicación e os xuros exixibles serán os que se devengasen ata o dito momento.

c) En calquera momento en que a tramitación do procedemento de constrinximento o requira.

Esta circunstancia pódese dar por iniciativa do propio suxeito responsable ou doutra persoa con xuro lexítimo no procedemento de constrinximento ou por iniciativa da Administración da Seguridade Social na tramitación do proceso recadatorio.

Artigo 23. *Xuro de demora nos mandamentos e notificacións.*

1. Na providencia de constrinximento ou comunicación do inicio do procedemento de dedución abondará con indicar a contía da débeda por principal e recarga, advertindo o debedor da exixibilidade de xuros de demora en caso de falta de pagamento da débeda, indicando o cómputo de tempo do seu devengo, sen que sexa necesaria a cuantificación expresa do importe de tales xuros.

2. Nas notificacións tanto de dilixencias coma de mandamentos de embargo contra os bens e dereitos do constrinxido deberá figurar o importe dos débitos exixibles, en concepto de principal, recarga aplicable, custas e xuros de demora devengados ata o momento da súa emisión.

3. En caso de embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de crédito, aforro ou financiamento, o mandamento de embargo, tanto se é obxecto de presentación física como se é remitido por medios telemáticos, poderá incluír a totalidade dos xuros de demora exixibles ata a data prevista para o ingreso dos importes retidos, advertíndoselle ao debedor na notificación do embargo esta circunstancia.

Igualmente, no procedemento de dedución que se siga contra entidades públicas poderase incluír, no acordo de retención, o importe dos xuros de demora exixibles ata a data prevista para a aplicación da retención.

SECCIÓN SEXTA. FORMAS E MEDIOS DE PAGAMENTO

Artigo 24. *Consignación das débedas coa Seguridade Social.*

1. Nos casos en que proceda a consignación do importe da débeda conforme o previsto nos artigos 20 e 46.2 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, esta efectuarase mediante ingreso na Caixa Xeral de Depósitos ou en entidade financeira, á disposición da

Tesouraría Xeral da Seguridade Social e na conta que esta determine.

2. O xustificante da consignación ou, de ser o caso, o seu documento xustificativo quedará baixo custodia do órgano que ditase o acto a que aquela se refira, o cal expedirá o oportuno xustificante da súa entrega a quen efectuase a consignación.

Artigo 25. *Pagamento mediante cheque.*

Cando o pagamento das débedas coa Seguridade Social se efectúe mediante cheque nos termos regulados no artigo 22 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, os cheques expedidos a favor da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderán ser feitos efectivos non só polos órganos centrais senón tamén polos órganos competentes das direccións provinciais do dito servizo común, incluídas as súas administracións e, de ser o caso, as unidades de recadación executiva da Seguridade Social.

SECCIÓN SÉTIMA. REVISIÓN DOS ACTOS DE XESTIÓN RECADATORIA

Artigo 26. *Revisión de oficio e rectificación de erros.*

1. De conformidade co disposto nos artigos 3.1.b) e 145 da Lei de procedemento laboral, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, así como nos artigos 47 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e 105 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, mentres non transcorrese o prazo de prescripción, os órganos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderán adoptar de oficio as medidas necesarias para a adecuación dos seus actos recadatorios ás normas establecidas ou revogar en calquera momento os seus actos de gravame ou desfavorables mediante a revisión de oficio destes, sen prexuízo de que os interesados poidan promover a súa iniciación polo órgano competente da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

a) É competente para tramitar a revisión de oficio dos actos de xestión recadatoria, tanto en período voluntario coma en vía executiva, o mesmo órgano que os ditase.

O dito órgano daralle audiencia ao interesado, advertíndolle que poderá formular alegacións e achegar os documentos e xustificantes que coide pertinentes no prazo de quince días.

Así mesmo, o órgano da Tesouraría Xeral da Seguridade Social que tramite o expediente de revisión de oficio poderá acordar a proba e solicitar os informes que considere pertinentes.

b) O órgano competente para tramitar o procedemento de revisión formularalle proposta ao órgano competente para resolver.

É órgano competente para ditar a resolución que proceda o inmediato superior xerárquico ao do autor do acto.

As resolucións serán motivadas, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito, fixarán os efectos da revisión e notificaránselles aos interesados conforme o establecido nos artigos 58 e 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Cando se declare a revogación de determinadas actuacións do procedemento recadatorio, dispórase a conservación das non afectadas por esta.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá rectificar en calquera momento do procedemento recadatorio os erros materiais ou de feito e os aritméticos dos seus actos, sempre que non transcorrese o prazo de prescripción.

a) Son erros deste carácter que poden dar lugar á súa rectificación os erros no código de conta de cotización, número de inscrición ou número de afiliación á Seguridade Social ou período de liquidación que consta nos documentos de ingreso, os erros de feito que resulten dos propios documentos do expediente, así como calquera outro erro material ou de feito e aritmético para cuxa apreciación non se requira aplicar criterios de interpretación ou valoración das normas xurídicas aplicables, que se observe de forma manifesta e evidente tendo en conta unicamente os datos da reclamación administrativa ou do acto administrativo de que se trate ou ben do expediente, que afecte elementos accidentais do acto sen se proxectar sobre o seu contido fundamental e no cal, despois de corrixido o erro, o acto conserve os seus efectos sen implicar unha revogación del.

b) Cando o procedemento de rectificación de erros se iniciase de oficio e a rectificación se realice en beneficio dos interesados, poderáselles notificar directamente a estes a decisión que se adopte.

Cando o procedemento se iniciase por instancia do interesado, o órgano que ditase o acto ou, noutro caso, o seu superior xerárquico poderá resolver directamente o que proceda, cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que os presentados polo interesado. Noutro caso, deberáselle notificar a este a proposta de resolución para que alegue o que ao seu dereito conveña no prazo de quince días.

SECCIÓN OITAVA. NORMAS PARTICULARES SOBRE RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO

Subsección 1.ª Normas sobre forma e lugar do pagamento de cotas

Artigo 27. Forma do pagamento de cotas.

1. De conformidade co previsto nos artigos 58 e 59 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, os documentos de cotización deberán ser cubertos ou, de ser o caso, os seus datos deberán ser subministrados polos suxeitos responsables do pagamento das liquidacións de cotas correspondentes, a través dos medios e sistemas e coas formalidades que estableza a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Os documentos de cotización deberán conter, polo menos, os seguintes datos:

a) Os requiridos para a correcta identificación do empresario ou suxeito responsable do pagamento, incluído, de ser o caso, o código de conta de cotización asignado pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

b) Os relativos á xestión, con indicación do réxime da Seguridade Social aplicable e da entidade que cubra as contingencias de accidente de traballo e enfermidades profesionais.

c) Os necesarios para a determinación da débeda por cotas, incluídas as compensacións e/ou as deducións por bonificacións ou reducións na cotización que procedan, indicando de forma separada os datos que se refiran a conceptos distintos de cotas da Seguridade Social e que se recaden conxuntamente con elas, así como, de ser o caso, os relativos á determinación das recargas e xuros por ingreso fóra do prazo regulamentario.

d) Nas liquidacións de cotas relativas a traballadores por conta allea cubrirase a relación nominal de traballadores aos cales lles corresponda a cotización, en que se fará constar o número de afiliación á Seguridade Social daqueles, así como os demais datos indicados nos modelos ou sistemas establecidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Malia o indicado nos parágrafos anteriores, os datos dos documentos de cotización, incluídas as relacións nominais de traballadores, poderanse achegar por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, nas condicións e cos efectos establecidos na Orde do 3 de abril de 1995, sobre uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en relación coa inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas de traballadores, cotización e recadación no ámbito da Seguridade Social.

2. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social emitirá os documentos de cotización correspondentes ás liquidacións de cotas relativas ás empresas e suxeitos responsables pertencentes a réximes da Seguridade Social e colectivos adheridos ao Sistema de Remisión Electrónica de Datos (Sistema RED), ás liquidacións de cotas nos réximes especiais dos traballadores por conta propia ou autónomos e de empregados de fogar, ás de cotas fixas dos traballadores incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e ás de convenios especiais coa Seguridade Social, así como nos demais réximes e situacións especiais cando as posibilidades de xestión o permitan e remitirállelos aos suxeitos responsables do pagamento para que poidan efectuar este e a presentación dos documentos de cotización con ou sen o ingreso das cotas nos prazos regulamentarios. Cando aqueles tiveren domiciliado o seu pagamento, remitiráselles ás entidades financeiras a información necesaria para o cargo en conta e o aboamento correspondente na conta única centralizada da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

3. O establecido no punto anterior non liberará os suxeitos responsables do pagamento das cotas do deber de cumpriren a súa obriga de cotizar dentro do prazo regulamentario, con independencia de que recibisen ou non os documentos de cotización, incorrendo, noutro caso, na recarga, xuros e infraccións que procedan. Para tales efectos, os documentos de cotización estarán á súa disposición nas direccións provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e administracións destas ou nos demais lugares que determine o director xeral do dito servizo común da Seguridade Social.

No entanto, cando se produzan incrementos nas cotas, en relación coas figuradas nos boletíns emitidos e enviados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, os suxeitos responsables ingresarán aquelas na oficina recadadora polas cantidades liquidadas nos ditos documentos sen modificación ningunha ata que reciban os novos documentos de cotización coas diferenzas que se produciñen polos períodos cuxo prazo regulamentario de ingreso xa finalizase. A dita liquidación complementaria deberá ser satisfeita polo suxeito responsable dentro do mes seguinte ao da recepción dos documentos de cotización que conteñan esta, salvo que nos propios documentos recibidos se fixe outro prazo de ingreso.

Artigo 28. Incidencia do uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na adquisición e mantemento de beneficios na cotización e obriga de incorporación ao Sistema RED.

1. Conforme o previsto no artigo 29 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, as empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar que solicitasen ou obtivesen reducións, bonificacións ou calquera outro beneficio nas bases, tipos e cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta, para adquiriren ou manteren tales beneficios deberán incorporarse de maneira efectiva ao Sistema de Remisión Electrónica de Datos (Sistema RED), regulado na Orde do 3 de abril de 1995 sobre uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en relación coa inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas de traballadores,

cotización e recadación no ámbito da Seguridade Social, e demais disposicións de aplicación e desenvolvemento, nos prazos e condicións determinados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Enténdese por incorporación efectiva ao Sistema RED a utilización deste para a realización das actuacións relativas a cotización e afiliación con plena validez e eficacia, xerando os dereitos e as obrigas establecidos pola normativa en vigor en relación cos ditos actos.

a) De non se levar a cabo a incorporación efectiva ao Sistema RED dentro dos prazos que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social determine, as empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar non poderán obter reducións, bonificacións ou calquera outro beneficio nas bases, tipos e cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta e quedarán suspendidos, sen máis trámite, as reducións, bonificacións ou beneficios que tivesen concedidos, respecto de todos os seus códigos de conta de cotización, tanto principais como secundarios, desde a data en que tal incorporación se debeu realizar.

Non dará lugar á perda de reducións, bonificacións ou calquera outro beneficio que tivesen concedidos, a falta de transmisión de datos a través do Sistema RED por causas de carácter técnico imputables á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, sen prexuízo da obriga de presentar os documentos de cotización e de afiliación, altas, baixas e variacións de datos dentro dos prazos establecidos.

b) De o suxeito responsable solicitar e obter con posterioridade a incorporación ao Sistema RED, a obtención de reducións, bonificacións ou outros beneficios na cotización á Seguridade Social e polos conceptos de recadación conxunta rexeráse pola normativa vixente no período de liquidación correspondente á nova incorporación efectiva ao Sistema RED e producirá efectos desde a dita incorporación e, así mesmo, a suspensión das reducións, bonificacións ou beneficios quedará sen efecto, sendo aplicables de novo a partir da liquidación correspondente desde a nova incorporación ao dito sistema.

2. Para efectos do previsto no parágrafo primeiro do artigo 30 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, e sen prexuízo do disposto no punto anterior, as empresas, agrupacións de empresas e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar que o día 1 de xaneiro de cada ano teñan máis de cen traballadores en alta, deberán incorporarse de maneira efectiva ao Sistema RED antes do día 1 de xullo inmediato seguinte.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá modificar o prazo establecido para a referida incorporación, de resultar necesario por razóns de xestión.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá ampliar os prazos para a incorporación efectiva ao Sistema RED a que se refire esta disposición, con carácter excepcional e transitorio, en atención ao número de traballadores, á súa dispersión ou á natureza pública do suxeito responsable, e sempre logo de solicitude do interesado, en que constará o prazo máximo de ampliación que se solicita.

4. Producida a incorporación efectiva ao Sistema RED, esta manterase obrigatoriamente con independencia do número de traballadores que pase a ter o suxeito responsable autorizado ou de que este teña ou non concedidas bonificacións, reducións ou outros beneficios na cotización.

Artigo 29. *Lugar do pagamento de cotas.*

1. A liquidación e o pagamento das cotas nos prazos regulamentarios establecidos efectuaranse nun só acto mediante a presentación na oficina recadadora do documento ou documentos de cotización, sen prexuízo das

particularidades previstas para o ingreso das cotas mediante os sistemas de domiciliación en conta e de pagamento electrónico.

2. Os ingresos fóra do prazo regulamentario, en período voluntario, deberán realizarse coas recargas correspondentes en función da data de ingreso, sendo reclamado o seu importe pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social se se efectúa o ingreso sen a dita recarga.

Con obxecto de evitar a reclamación, requirirán autorización expresa da dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou da súa administración, os ingresos dentro do prazo regulamentario das liquidacións de cotas a que se refire o punto 1.c), nos seus ordinais 2.º, 3.º e 4.º, do artigo 56 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, logo de comprobación de que concorre o suposto de que se trate.

Non obstante, en tales supostos non será precisa a dita autorización respecto ás liquidacións de cotas relativas a suxeitos responsables que acheguen os seus datos a través do Sistema RED.

Artigo 30. *Domiciliación do pagamento de cotas nas oficinas recadadoras.*

1. Naqueles réximes do sistema da Seguridade Social en que estea establecida a domiciliación en conta pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar poderán realizar o ingreso das cotas en calquera das entidades financeiras autorizadas para actuar como oficinas recadadoras da Seguridade Social conforme o procedemento establecido para cada suposto por esta.

A autorización ás entidades financeiras para actuaren como órgano colaborador na xestión recadatoria estará condicionada á prestación por estas do dito servizo.

a) Os empresarios inscritos no réxime xeral da Seguridade Social ou nos réximes especiais dos traballadores do mar, da minaría do carbón e demais réximes que inclúan traballadores por conta allea, que se encontren incorporados ao Sistema RED, poderán domiciliar o pagamento das cotas cando este estea previsto pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, conforme o previsto neste artigo, sempre que o soliciten mensualmente a través do dito sistema.

As devanditas solicitudes deberán realizarse dentro dos dezoito primeiros días do prazo regulamentario de ingreso con indicación da entidade financeira e do código de conta de cliente en que se desexa cargar o importe da liquidación correspondente.

Recibida a solicitude, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social efectuará a liquidación de cotas cuxa domiciliación se solicitou e transmitirlle información do importe que se vai ingresar a través do Sistema RED ao respectivo autorizado para a súa conformidade.

b) Os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar nos réximes especiais agrario, de traballadores por conta propia ou autónomos e de empregados de fogar e, de ser o caso, nos demais réximes especiais ou colectivos que con posterioridade determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social cando as posibilidades de xestión o permitan, así como por subscripción de convenio especial coa Seguridade Social, poderán domiciliar o pagamento das cotas conforme o previsto neste artigo, nos termos e cos efectos seguintes:

a') As solicitudes de domiciliación do pagamento serán válidas ata que se comunique a baixa no dito sistema de pagamento, non requiríndose unha nova solicitude para cada período de liquidación.

b') As solicitudes de alta e de baixa neste sistema de pagamento poderanse realizar nas entidades financeiras autorizadas, nas direccións provinciais e administracións da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a través da

internet, mediante os servizos prestados pola dita Tesouraría Xeral na páxina web da Seguridade Social (www.seg-social.es).

c') As solicitudes de domiciliación do pagamento que se realicen perante as entidades financeiras producirán efectos a partir do mes seguinte ao da súa presentación. De se realizaren perante as direccións provinciais da Tesouraría Xeral ou as súas administracións ou a través da internet, facilitaráselle ao suxeito responsable do pagamento un xustificante da súa solicitude en que se sinalará a data de efectos da domiciliación, indicando o mes en que se realizará o primeiro cargo en conta.

As solicitudes de baixa na domiciliación producirán efectos desde a data que se sinala nelas, pero en ningún caso antes do mes seguinte ao da súa presentación e con devolución, de ser o caso, do documento de cotización pola entidade financeira.

d') Os cambios na domiciliación do pagamento deberanse solicitar na mesma forma e terán os mesmos requisitos e efectos que os sinalados nos puntos precedentes deste artigo para as solicitudes iniciais de domiciliación.

2. As entidades financeiras, polas domiciliacións de cotas que fosen autorizadas aboarán, con data valor do último día hábil de cada mes, a totalidade do importe das cotas devengadas correspondentes, ingresándoas na conta única da Tesouraría Xeral na forma e cos efectos regulamentariamente establecidos. Así mesmo, deberánlle emitir ao suxeito responsable o documento xustificante do pagamento realizado.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social comunicarlles mensualmente ás entidades financeiras o importe das cotizacións que deberán efectuar os suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar que teñan domiciliado naquelas o pagamento das cotas, co fin de que quede ingresado o seu importe dentro do prazo regulamentario establecido.

4. Producido o cargo en conta corrente ou en cartilla de aforro, cando por erro imputable a unha entidade financeira o pagamento non se realizase en prazo regulamentario, os prexuízos causados compensaranse conforme o previsto na autorización de colaboración e, no seu defecto, consistirán no pagamento do xuro legal desde a data en que o importe da débeda se debeu pór á disposición da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ata que o dito ingreso sexa realmente dispoñible por esta.

Artigo 31. *Pagamento electrónico de cotas.*

1. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá emitir documentos de cotización válidos para o pagamento electrónico en entidades financeiras, co obxecto de que os suxeitos responsables poidan efectuar o ingreso das cotas, conforme o procedemento establecido, ben mediante a súa presentación directa nas ditas entidades, ben a través das canles de pagamento que estas teñan habilitadas, tales como caixeiros, banca telefónica ou electrónica ou outras similares.

Os ingresos realizados por medio das ditas canles de pagamento en sábados, domingos ou festivos entenderanse realizados en días hábiles, para efectos do establecido no artigo 8.b) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

2. Os documentos de cotización que emita a Tesouraría Xeral da Seguridade Social deberán reunir os requisitos necesarios para que os suxeitos responsables do pagamento das cotas o poidan realizar polo sistema de pagamento electrónico.

3. Os empresarios incorporados ao Sistema RED poderán optar, así mesmo, polo pagamento electrónico das liquidacións de cotas indicadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e deberán solicitálo mensualmente

a través do procedemento establecido no dito sistema. As solicitudes deberanse realizar ata o día 27 do mes considerado como prazo regulamentario de ingreso, coa excepción do mes de febreiro, en que se poderán realizar ata o día 26.

Subsección 2.ª Relacións das entidades financeiras coa Tesouraría e suxeitos obrigados e da Tesouraría Xeral coas mutuas e coas entidades xestoras dos conceptos de recadación conxunta

Artigo 32. *Actuación das entidades financeiras en relación coas empresas e demais responsables.*

1. As entidades financeiras autorizadas para actuar como oficinas recadadoras, no momento da presentación dos documentos de cotización e pagamento, efectuarán as seguintes comprobacións:

a) Que no documento ou nos documentos de cotización e pagamento figuran todos os datos de identificación do empresario ou suxeito responsable do pagamento, incluído, de ser o caso, o código de conta de cotización asignado a este pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

b) Que se presenta o número de exemplares requirido dos modelos aprobados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

c) Que o importe ingresado se corresponde co que figura no documento de cotización e pagamento.

2. No momento do ingreso das débedas coa Seguridade Social, as entidades financeiras devolveranlles aos empresarios ou suxeitos responsables que o realizasen un exemplar do documento ou documentos de cotización e pagamento presentados ou, de ser o caso, un xustificante do ingreso realizado.

3. No suposto de que o ingreso das débedas coa Seguridade Social se realice mediante os sistemas de domiciliación en conta ou pagamento electrónico, non procederá realizar as actuacións indicadas nos puntos anteriores senón as previstas para os ditos sistemas de pagamento, debéndolles entregar as entidades financeiras aos empresarios ou suxeitos responsables, en todo caso, o correspondente xustificante do ingreso realizado.

Artigo 33. *Relación das entidades financeiras coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

1. No ámbito provincial, as relacións entre as entidades financeiras autorizadas para actuaren como oficinas recadadoras e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social manteranse a través da oficina principal que aquelas teñan en cada provincia, e para este efecto a dita oficina recibirá das restantes sucursais ou axencias a documentación que fose presentada nelas.

Cando algunha entidade financeira autorizada non dispuxese de oficina ou dependencia na provincia, ao remitir a documentación recadatoria, se non o efectuou con anterioridade, deberá indicar a oficina de relación coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social na dita provincia.

2. En todo caso, as entidades financeiras deberánlle remitir a documentación recadatoria ao centro ou unidade que determine a Tesouraría Xeral da Seguridade Social para efectos do tratamento e control centralizado dos datos recadatorios. Nestes supostos, as relacións con cada entidade financeira manteranse exclusivamente a través da oficina principal que para tales efectos designe esta.

Artigo 34. *Forma e prazos de remisión da documentación recadatoria á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

1. As oficinas principais das entidades financeiras autorizadas remitiranlle ao centro ou unidade determinado pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, de ser o caso, ás respectivas direccións provinciais, toda a información e documentación recadatoria presentada polas empresas e suxeitos responsables durante o mes anterior, nos prazos indicados no Regulamento xeral da xestión financeira da Seguridade Social e demais normas complementarias, e aboarán o importe dos ingresos na conta única centralizada da Tesouraría Xeral da Seguridade Social nos termos indicados no citado regulamento xeral.

A información e documentación a que se refire o parágrafo anterior deberá ir acompañada da seguinte documentación complementaria:

- a) Relación de operacións por importes líquidos.
- b) Relación de operacións por importes íntegros.

Ambas as relacións irán destinadas á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e incluírán, sen solución de continuidade, as liquidacións figuradas nos boletíns de cotización á Seguridade Social. As ditas relacións realizaranse conforme as instrucións dadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ás entidades financeiras, utilizándose, cando así o indique esta, soportes informáticos.

c) Resumo das relacións de operacións por importes líquidos.

d) Resumo das relacións de operacións por importes íntegros.

De ambos os resumos, con destino á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, cubriranse os exemplares indicados pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

- e) Estado mensual de recadación.

Neste documento sobre a situación mensual da recadación deberase consignar o importe total dos ingresos formalizados no mes de que se trate.

O importe total formalizado deberá coincidir necesariamente coa suma dos importes das liquidacións que figuran nos documentos de cotización amparados polas relacións de operacións antes indicadas.

2. As entidades financeiras autorizadas para actuar como oficinas recadadoras deberán axustar a súa actuación ás normas contidas nos regulamentos xerais de recadación e da xestión financeira da Seguridade Social, nas súas respectivas ordes de desenvolvemento e nas resolucións e instrucións de carácter xeral ditadas para o efecto pola Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Artigo 35. *Relacións da Tesouraría Xeral coas mutuas e entidades xestoras dos conceptos de recadación conxunta coas cotas da Seguridade Social.*

1. Con cargo ás cotas recadadas e dentro do proceso recadatorio, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social fará efectivas a cada unha das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social as cotas que respectivamente lle correspondan, logo das deducións que procedan por obrigas que aquelas deban satisfacer dentro do sistema da Seguridade Social e unha vez efectuadas, de ser o caso, as rectificacións pertinentes por erros en anteriores operacións ou diferenzas entre as estimacións de recadación e retencións cautelares realizadas e as liquidacións definitivas.

2. Así mesmo, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reterá o importe a que ascendan os conceptos de recadación conxunta coas cotas da Seguridade Social para a súa liquidación e ingreso en favor das entidades

xestoras destes conceptos, logo das deducións que procedan.

3. Para efectos do disposto nos números precedentes, os órganos centrais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e as súas direccións provinciais poderán efectuar os trasposos interinstitucionais das cotas recadadas, por erros de aplicación, que resulten procedentes, e deberánselles comunicar aqueles ás entidades afectadas.

Subsección 3.^a Supostos especiais de liquidación e pagamento de cotas

Artigo 36. *Presentación de documentos de cotización en prazo regulamentario sen ingreso de cotas.*

1. O empresario que prevexa a imposibilidade de ingresar dentro de prazo regulamentario a totalidade das cotas debidas á Seguridade Social terá, en todo caso, a obriga de presentar os documentos de cotización no dito prazo.

En tales supostos, a presentación de documentos de cotización en prazo regulamentario terá os seguintes efectos:

- a) Respecto á compensación de presentacións aboadas en réxime de pagamento delegado:

Naqueles réximes do sistema da Seguridade Social en que estea prevista a colaboración obrigatoria das empresas na xestión da Seguridade Social, os empresarios ou suxeitos responsables poderán compensar as cantidades aboadas como consecuencia da dita colaboración co importe das cotas devengadas en idéntico período, a que se refiran os documentos de cotización.

Nestes documentos faranse constar o importe das presentacións correspondentes a cada continxencia que fose satisfeito e o importe da liquidación de cotas, extinguíndose ambos na cantidade concorrente e figurando nas liquidacións a débeda coa Seguridade Social resultante, sobre a que se aplicará a recarga correspondente en función do momento en que se efectúe o seu ingreso.

Non obstante, o importe das presentacións a que teñan dereito os representantes de comercio, os artistas e os profesionais taurinos non poderá ser compensado nos documentos de cotización, aínda que concorran os requisitos e as condicións establecidos no artigo 60 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social e nesta orde, ao satisfacer tales presentacións directamente aos beneficiarios a entidade xestora ou colaboradora da Seguridade Social responsable delas, conforme o disposto no artigo 14 da Orde do 20 de xullo de 1987 pola que se desenvolve o Real decreto 2621/1986, do 24 de decembro, que procede á integración de diversos réximes especiais, en materia de campo de aplicación, inscrición de empresas, afiliación, altas e baixas, cotización e recadación.

Fóra deste suposto os suxeitos responsables non poderán realizar ningunha outra compensación dos seus créditos coas súas débedas por cotas nos documentos de cotización presentados sen ingreso, sen prexuízo do seu dereito á satisfacción de tales créditos na forma que proceda.

A Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá autorizar a compensación do importe das presentacións aboadas en réxime de pagamento delegado que non se puidese efectuar nos documentos de cotización presentados en prazo regulamentario, en documentos de cotización correspondentes aos períodos de cotización que sinala a dita Tesouraría Xeral, sempre que se ingresen en prazo regulamentario e que se remita, con carácter previo, unha resolución definitiva da entidade xestora da Seguridade Social recoñecendo o dereito ao resarcimento.

b) Respecto á dedución por beneficios na cotización á Seguridade Social:

Os empresarios e demais suxeitos responsables que, de conformidade co establecido nas normas vixentes, teñan recoñecidas deducións nas cotas á Seguridade Social por reducións ou bonificacións nelas ou calquera outro beneficio, de conformidade co establecido no artigo 77.Dous da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, perderán os ditos beneficios de non ingresaren as cotas e os conceptos de recadación conxunta con elas en prazo regulamentario, non podendo deducir o seu importe nos documentos de cotización presentados en prazo regulamentario salvo cando se solicitase dentro do dito prazo o adiamento das cotas a que se refira a liquidación e se concedese este.

Non obstante, cando a dedución non se puidese realizar nos documentos de cotización presentados e pagados en prazo regulamentario, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá autorizar os responsables do pagamento a aplicaren tales deducións nos documentos de cotización correspondentes aos períodos de cotización que indique aquela, sempre que se ingresen en prazo regulamentario e logo de resolución da entidade xestora correspondente recoñecendo o dereito aos beneficios na cotización ou cando estes se concedan automaticamente en virtude das disposicións que resulten aplicables.

c) Respecto ás recargas sobre as cotas da Seguridade Social:

De se presentaren os documentos de cotización en prazo regulamentario pero non se ingresaren dentro deste as cotas correspondentes, devengarase as recargas previstas no punto 1.a) do artigo 10 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

2. De se aplicaren indebidamente nos documentos de cotización presentados dentro do prazo regulamentario compensacións ou deducións que non sexan debidas a erros materiais ou de cálculo e que non fosen obxecto de reclamación administrativa conforme o punto 1.c) do artigo 62 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, pero que resulten declaradas improcedentes por resolución firme da entidade ou órgano ao cal lle corresponda o recoñecemento, a denegación e o control das presentacións compensadas ou das deducións practicadas nos ditos documentos, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social recadará o importe de tales compensacións ou deducións indebidamente mediante a correspondente reclamación de débeda efectuada nos termos establecidos nos artigos 62 e seguintes do citado regulamento xeral.

No suposto regulado no artigo 31.1.d) da Lei xeral da Seguridade Social, relativo á aplicación indebida das bonificacións na cotización previstas para o financiamento das accións formativas do subsistema de formación continua, será competente a Inspección de Traballo e Seguridade Social para reclamar, mediante acta de liquidación, os importes indebidamente deducidos.

Artigo 37. *Presentación de documentos de cotización en prazo regulamentario con ingreso da achega dos traballadores.*

1. O empresario que prevexa a imposibilidade de ingresar dentro de prazo regulamentario a totalidade das cotas debidas á Seguridade Social poderá efectuar exclusivamente o ingreso separado das fraccións de cotas correspondentes ás achegas dos seus traballadores, conforme o procedemento indicado neste artigo e sen que, en ningún caso, se poidan ingresar separadamente as cotas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, salvo o previsto en materia de adiamentos.

2. Cando na liquidación de cotas non proceda realizar compensacións nin deducións, cubriranse dous documentos de cotización, referidos ambos á mesma relación nominal de traballadores e dos cales un conterà a liquidación correspondente á achega do empresario e o outro a liquidación correspondente á achega dos traballadores.

A relación nominal de traballadores e o documento que conteña a liquidación da achega empresarial presentaranse en prazo regulamentario na Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou Administración da Seguridade Social que corresponda.

O documento que conteña a liquidación da achega dos traballadores ingresarase en calquera das entidades financeiras autorizadas para actuar como oficinas recadadoras, sen recarga ningunha de o ingreso se realizar dentro do prazo regulamentario e coa recarga correspondente de se ingresar fóra deste.

O ingreso das achegas do empresario con posterioridade ao prazo regulamentario realizarase mediante a presentación unicamente do documento de cotización que contén a liquidación relativa á súa achega, sen que sexa necesaria nova relación nominal de traballadores, pero incrementando aquela liquidación coa recarga que corresponda en función da data en que se realice o ingreso.

3. Nestes supostos, os empresarios incorporados ao Sistema RED transmitirán os datos na forma establecida nel sen necesidade de presentaren ningunha documentación na dirección provincial, podendo efectuar o ingreso da liquidación correspondente á achega dos traballadores directamente en calquera das entidades financeiras autorizadas.

4. Cando o importe das cantidades a compensar na liquidación sexa inferior ao da achega empresarial, cubrirense igualmente dous documentos de cotización, referidos ambos á mesma relación nominal de traballadores e dos cales un conterà a liquidación correspondente á achega do empresario, con aplicación da compensación na cantidade que proceda, e o outro a liquidación correspondente á achega dos traballadores sen compensación ningunha.

A presentación e o ingreso de tales documentos de cotización realizarase na forma indicada no punto 2 deste artigo, sendo igualmente de aplicación a excepción prevista no punto 3.

5. Cando o importe das cantidades a compensar sexa igual ou superior ao da achega empresarial, cubrirense un único documento de cotización en que se farán constar as cotas e as correspondentes compensacións e deducións, debendo ingresarse directamente nas entidades financeiras a diferenza entre unhas e outras.

6. Aínda que non exista presentación de documentos de cotización en prazo regulamentario, as entidades financeiras poderán admitir o ingreso da liquidación da achega dos traballadores realizada de acordo coas normas xerais.

Artigo 38. *Presentación de documentos de cotización con saldo acredor.*

1. Os empresarios e demais suxeitos responsables cuxas liquidacións de cotas á Seguridade Social reflectan un saldo acredor por teren compensado presentacións en réxime de pagamento delegado ou por teren efectuadas deducións que tivesen concedidas e non perdesen, en lugar de presentaren os documentos de cotización nas oficinas recadadoras estarán obrigados a facelo na Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou na Administración dela que corresponda ou, de ser o caso, polo procedemento establecido para o efecto no Sistema RED, indicando a entidade financeira e o código de conta de cliente en que se desexa que se realice o

aboamento, co fin de que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social proceda a comprobar, con carácter provisional, a liquidación realizada nos ditos documentos de cotización e se o suxeito responsable está ao día no pagamento das súas cotas da Seguridade Social en todos os seus códigos de conta de cotización.

As empresas que, de acordo coas normas sobre colaboración obrigatoria na xestión da Seguridade Social, lles aboan aos seus traballadores presentacións por desemprego parcial, presentarán a liquidación acreedora na Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou na Administración da Seguridade Social correspondente, non facendo uso do Sistema RED e debendo achegar, ademais, a nómina correspondente, visada polo correspondente servizo público de emprego.

2. De a liquidación acreedora ser considerada provisionalmente procedente pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o empresario ou suxeito responsable estar ao día no pagamento das súas cotas, autorizarase a devolución do saldo polo que aquel resulte acreedor, aboándose mediante transferencia bancaria.

De a liquidación resultar procedente pero o empresario ou suxeito responsable non estar ao día no pagamento das súas cotas, o importe da liquidación acreedora aplicase ao descuberto ou descubertos existentes, comezando polo máis antigo de entre os que se encontren pendentes e con aplicación, de ser o caso, do disposto no artigo 52 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

De a liquidación acreedora efectuada polo empresario ou suxeito responsable, que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social considerase provisionalmente procedente, ser declarada despois improcedente por resolución firme da entidade xestora das presentacións compensadas ou á que lle corresponda o recoñecemento ou o control definitivo das deducións efectuadas nos documentos de cotización, unha vez comunicada a dita resolución definitiva á Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou á súa Administración, esta procederá á súa reclamación mediante a correspondente reclamación de débeda, conforme o establecido no artigo 62.1.c) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

3. De a liquidación acreedora efectuada polo empresario ou suxeito responsable ser considerada provisionalmente improcedente pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, pero continuar reflectindo saldo acreedor, porase este feito en coñecemento do suxeito responsable procedéndose na forma indicada no punto anterior, segundo corresponda.

Porén, se a liquidación acreedora considerada provisionalmente improcedente non constituíse finalmente saldo acreedor, o suxeito responsable deberá ingresar o débito resultante, xa sexa sen recarga xa incrementándoo coa que proceda.

Neste caso, o posible dereito ao resarcimento das cantidades aboadas polo suxeito obrigado como consecuencia da súa colaboración obrigatoria coa Seguridade Social e ao das bonificacións e reducións que a Dirección Provincial da Tesouraría Xeral ou Administración considere provisionalmente aplicadas de forma improcedente nos documentos de cotización, poderase exercer perante a entidade xestora ou colaboradora que corresponda.

4. As actuacións de comprobación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a que se refiren os puntos precedentes non implicarán a conformidade desta respecto dos datos declarados e aplicados polo suxeito responsable nas liquidacións contidas nos documentos de cotización.

Así mesmo, as referidas actuacións terán o carácter de liquidacións provisionais, suxeitas a revisión de se estimar a impugnación formulada ao respecto ou, de ser o caso, como consecuencia da resolución definitiva da entidade xestora competente que afecte e modifique tales liquida-

cións da dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou da súa administración.

SECCIÓN NOVENA. NORMAS SOBRE EMBARGOS DE DEPÓSITOS E DATA DE TÍTULOS EXECUTIVOS

Artigo 39. *Embargo de depósitos á vista.*

1. No embargo de diñeiro en depósitos á vista en entidades de crédito, aforro ou financiamento, a dilixencia de embargo deberá identificar, polo menos, unha conta ou depósito existente nalgunha das oficinas da entidade pero estenderase, sen necesidade de identificación expresa, a todos os posibles saldos de que o suxeito responsable sexa titular nela ata o importe da débeda pendente en vía de constrinximento.

2. Cando a dilixencia de embargo se presente ante unha oficina distinta daquela que teña ao seu cargo a xestión ou depósito do ben ou dereito embargado, a entidade de depósito procederá inmediatamente á retención do importe embargado se existise saldo en calquera conta aberta nela e, se iso non fose posible, no prazo máis breve que permitan os seus sistemas de información e contabilidade, que en ningún caso poderá superar o límite de cinco días desde a data de presentación da dilixencia.

Artigo 40. *Datas de títulos executivos cargados ás unidades de recadación executiva.*

Procederá a data dos títulos executivos cargados ás unidades de recadación executiva cando estes estean afectados por transaccións, arbitaxes, convenios en procesos concursais, cualificacións de créditos incobrables, terzarias e calquera outra circunstancia que determine o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nas condicións que este estableza.

Disposición adicional primeira. *Procedemento para a ampliación da carencia e da moratoria para o pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias.*

1. As institucións sanitarias cuxa titularidade teñan as administracións públicas ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que estean acollidas á moratoria para o pagamento das súas débedas coa Seguridade Social causadas ata o 31 de decembro de 1994, prevista na disposición adicional trixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995, poderanlle solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a ampliación da carencia e da moratoria inicialmente concedidas, polo período que se fixe na norma legal que permita a dita ampliación e con suxeición ás seguintes condicións:

1.^a Presentar a solicitude de ampliación, xunto coa documentación que deberá achegar, na Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou Administración da Seguridade Social que corresponda ao código de conta de cotización do solicitante ou en calquera dos outros rexistros e lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Malia o indicado no parágrafo anterior, se o solicitante tivese autorizada a xestión centralizada de determinados trámites liquidatorios e recadatorios deberá presentar a súa solicitude, en todo caso, na Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou Administración da Seguridade Social a que corresponda a dita xestión centralizada.

Non se admitirán novas solicitudes de concesión inicial da moratoria previstas na disposición adicional trixésima da citada Lei 41/1994, do 30 de decembro.

2.^a Achegar unha nova proposta para o pagamento da débeda obxecto da moratoria, tendo en conta, respecto da solicitude de ampliación da carencia, que o calendario de pagamentos que tivese autorizado o solicitante se verá reducido no mesmo período de tempo que o que sexa obxecto de ampliación, de concederse esta, e que os prazos de amortización para o pagamento da débeda que se fixen na resolución de concesión deberán ser anuais e pola mesma contía en todos os exercicios.

O solicitante poderá indicar o mes en que desexa ingresar cada prazo de amortización, correspondendo facelo, no seu defecto, no mes de decembro de cada ano ao cal se estenda a moratoria.

Cando a solicitude estea referida á ampliación dos períodos de carencia e de moratoria, a amortización da débeda realizarase, así mesmo, en pagamentos anuais da mesma contía no mes elixido polo beneficiario e, no seu defecto, no mes de decembro de cada exercicio.

3.^a Acreditar que se ingresaron en prazo regulamentario as cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta con elas devengados desde o 1 de xaneiro de 1995, sen prexuízo da concesión de adiamentos para o seu pagamento solicitados dentro do dito prazo. Para tal efecto, o solicitante achegará fotocopias compulsadas dos documentos de cotización correspondentes aos tres meses anteriores ao da solicitude de ampliación.

2. As solicitudes de ampliación da carencia e da moratoria a que se refire esta disposición adicional serán tramitadas e resoltas polos mesmos órganos centrais e provinciais da Tesouraría Xeral da Seguridade Social que tramitasen e resolvesen as solicitudes anteriores, no prazo máximo de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do citado Servizo Común da Seguridade Social. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

3. As resolucións que concedan a ampliación da carencia e da moratoria determinarán a situación de estar ao día durante estas para efectos de Seguridade Social respecto das débedas obxecto daquelas, mentres se cumpren as condicións para a súa efectividade establecidas no punto 2 da disposición adicional trixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro.

O incumprimento das citadas condicións dará lugar á resolución da moratoria concedida e dos concertos de asistencia sanitaria subscritos, de ser o caso, entre a institución sanitaria debedora e a respectiva Administración pública autonómica ou institucional, salvo que aquela obtivese adiamento para o pagamento de cotas devengadas desde o 1 de xaneiro de 1995.

4. Cando as solicitudes de ampliación da carencia e da moratoria fosen denegadas ou o respectivo procedemento finalizase por desistencia do solicitante, regulado nos artigos 71.1 e 90 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o ingreso dos prazos de amortización vencidos poderase efectuar sen recarga no mes seguinte ao da notificación da resolución correspondente.

5. O procedemento regulado nesta disposición adicional aplicarase sen prexuízo das previsións que, de ser o caso, se poidan establecer legalmente.

Disposición adicional segunda. Incidencia da incorporación ao Sistema RED na contraprestación das mutuas aos servizos de xestión administrativa por parte de terceiros.

A contraprestación establecida na disposición adicional cuarta do Regulamento sobre colaboración das mutuas

de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, será a convida entre a mutua e o terceiro que lle preste os servizos por xestións de índole administrativa a que se refire o punto 1 do artigo 5 do citado regulamento, ben que co límite máximo do 3 por 100 das cotas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais pagadas polas empresas asociadas ás mutuas cuxas xestións realicen os profesionais colexiados e demais persoas físicas ou xurídicas a que se refire o punto 1 da disposición adicional quinta do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, sempre que estes se incorporasen e fixesen uso efectivo do Sistema RED nos prazos e condicións que estableza a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e solicitasen a liquidación das cotizacións mediante o sistema de domiciliación en conta ou de pagamento electrónico, naqueles supostos en que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social os teña establecidos.

Durante o período en que non se incorporasen nin fixesen uso efectivo do Sistema RED, nin solicitasen a aplicación dos sistemas de pagamento antes sinalados, nos prazos e condicións establecidos, a contraprestación a percibir será como máximo do 1 por 100 das referidas cotas.

Disposición adicional terceira. Modificación do artigo 1 da Orde TAS/77/2005, do 18 de xaneiro.

Queda sen efecto o establecido na norma cuarta do punto 2 do artigo 1 da Orde TAS/77/2005, do 18 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional, contidas na Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005.

Disposición transitoria primeira. Ámbito de aplicación temporal.

As débedas coa Seguridade Social por recursos desta que teñan o carácter de ingresos de dereito público e que na data de entrada en vigor desta orde se encontren nas situacións a que se refire a súa sección terceira, poderán ser anuladas e dadas de baixa en contabilidade, tanto se a súa xestión recadatoria se encontra en período voluntario coma en vía de constrinximento.

Disposición transitoria segunda. Vixencia de autorizacións e concertos de colaboración na xestión recadatoria.

1. As autorizacións e os concertos sobre colaboración na xestión recadatoria dos recursos do sistema da Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta vixentes no momento da entrada en vigor desta orde conservarán a súa vixencia sen máis requisito que a súa inscrición no rexistro público que, para tales efectos, se leva na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, mentres tales autorizacións non sexan suspendidas ou revogadas conforme as regras establecidas no artigo 4 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social ou os concertos non sexan rescindidos conforme as regras que resulten aplicables.

2. As empresas que viñesen ingresando as cotas da Seguridade Social a través da asociación empresarial a que pertencen para que esta as ingrese, pola súa vez, na correspondente entidade colaboradora e a nome da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dentro do segundo mes seguinte ao do seu devengo, poderán seguir efectuando, a través da respectiva asociación profesional, o ingreso das cotas devengadas ata a data que en cada caso

determine o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Disposición transitoria terceira. Incumprimento de adiamentos de débedas anteriores ao 1 de xuño de 2004.

En caso de incumprimento de adiamentos en que, calquera que sexa a súa data de concesión, se inclúan débedas por cotas e conceptos de recadación conxunta correspondentes a períodos anteriores ao 1 de xuño de 2004 ou por recursos distintos a cotas reclamados con anterioridade a esa data, o procedemento de constrinximento que se seguirá, conforme o previsto no artigo 36 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, incluirá os xuros devengados pendentes de ingreso correspondentes ás citadas débedas.

As débedas xeradas por tal concepto devengarán o xuro correspondente cando foren obxecto de novo adiamento.

Tales xuros non se exixirán respecto da débeda adiada relativa a cotas e conceptos de recadación conxunta devengados a partir do 1 de xuño de 2004 ou relativa a recursos distintos de cotas cuxas reclamacións se emiten a partir desa data, sen prexuízo da existencia dos xuros de demora que se devengasen desde o vencemento dos respectivos prazos regulamentarios de ingreso, de acordo co disposto no punto 1 do citado artigo 36 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

Disposición transitoria cuarta. Efectos retroactivos da disposición adicional terceira.

O establecido na disposición adicional terceira desta orde, sobre modificación do artigo 1 da Orde do 18 de xaneiro de 2005, será aplicable a partir do 1 de xaneiro dese mesmo ano 2005.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde e, de modo expreso, as seguintes:

1. A disposición adicional sétima da Orde do 22 de febreiro de 1996, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación dos recursos da Seguridade Social aprobado polo Real decreto 1637/1995, do 6 de outubro.

2. Os artigos 57.2, 59, 68, 69, 73, 78 e 84, as disposicións adicionais segunda, sétima e oitava e a disposición derradeira primeira da Orde do 26 de maio de 1999, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social antes citado.

Disposición derradeira primeira. Habilitación específica.

De acordo co previsto no artigo 58.1 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, a Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá establecer e, de ser o caso, modificar os documentos de cotización e recadación en período voluntario, ditar as demais instrucións a que se deben ater as entidades financeiras e outros colaboradores na xestión recadatoria, os empresarios e demais suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar e do pagamento dos demais recursos do sistema de Seguridade Social, modificar os prazos de opción das solicitudes de pagamento electrónico fixados no punto 3 do artigo 31, aprobar as claves dos diferentes contratos de traballo para efectos da xestión da Seguridade Social, así como establecer e modificar tanto os documentos de reclamación administrativa de débedas coa Seguridade Social, coa excepción

das actas expedidas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, como os documentos relativos aos trámites do procedemento recadatorio en vía de constrinximento, debendo axustarse, en todo caso, ao disposto no citado regulamento xeral e nesta orde respecto do trámite de xestión recadatoria a que tales documentos se refiran.

Disposición derradeira segunda. Habilitación xeral.

Facúltase a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social para resolver cantas cuestións de índole xeral se poidan suscitar en aplicación do disposto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 25 de maio de 2005.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

Sr. Secretario de Estado da Seguridade Social

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8987 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereito e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. («BOE» 130, do 1-6-2005.)*

Advertidos erros no Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 2, do 1 de febreiro de 2005, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 299, primeira columna, no parágrafo primeiro da parte expositiva, cuarta liña, onde di: «... disposición adicional terceira...», debe dicir: «... disposición derradeira terceira...».

Na páxina 316, segunda columna, no artigo 46.5, na décimo terceira liña, onde di: «...autorización, recomendase...», debe dicir: «...solicitud, recomendarase...».

Na páxina 317, segunda columna, no artigo 50.a), segundo parágrafo, sexta liña, onde di: «... para Ceuta e Melilla, de acordo coa información.», debe dicir: «...para Ceuta e Melilla, excepto nas provincias insulares, onde o catálogo se poderá establecer para cada illa ou agrupación delas, de acordo coa información...».

Na páxina 317, segunda columna, no artigo 50.d), onde di: «... na oferta de traballo...», debe dicir: «... na oferta de emprego...».

Na páxina 318, primeira columna, no artigo 51.2.a), onde di: «a) O DNI ou CIF...», debe dicir: «a) O NIF...».

Na páxina 319, primeira columna, no artigo 51.9, derradeira liña, onde di: «... autorizou inicialmente a autorización...», debe dicir: «... concedeu inicialmente a autorización...».

Na páxina 320, primeira columna, no artigo 54.3.b), onde di: «... nova oferta de traballo que...», debe dicir: «... nova oferta de emprego que...».

Na páxina 324, segunda columna, no artigo 68.b), segundo parágrafo, onde di: «... actividades lectivas,